

# A NOITE NO CEMITERIO


Isto sucedeu o día 1 de novembro do ano 1954

Como todos os días festivos, cando non hai colexio, Aitor pensaba que ía pasar toda a tarde na praza xogando cos seus amigos, pero a súa nai díxolle que pola tarde tiñan que ir ó cemiterio levar flores á tumba dos seus avós.

A Aitor non lle gustou moito a idea, porque el quería xogar cos seus amigos no parque, pero a nai díxolle que xa xogaría outro día con eles, así que colleu a pelota e as botas de fútbol e dispúxose a ir cos seus pais ao cemiterio.

Aitor foi todo o camiño enfadado e pensando como podería facer para non aburrirse, pero non se lle ocorría nada e cada vez enfadábase mais.


Cando chegaron ao cemiterio, Aitor colleu o seu balón e xa se puxo a darlle patadas e a nai berroulle que non podía andar xogando polo medio da xente e do cemiterio e díxolle que xogara nun anaco de campo que había e que non se movera de alí.



Ao pouco de estar xogando, escapóuselle a pelota e foi correndo detrás dela esquecendo o que lle dixera a súa nai, ata que, sen darse conta, chegou a un sitio que lle espertou moita curiosidade.

Cando chegou onde estaba a pelota e se agachou para collela, escoitou unhas voces de nenos. El miraba todo o seu arredor, pero non vía a ninguén e empezou

a ter algo de medo, pero esas voces eran de nenos e tiña moita curiosidade por saber de onde viñan, así que empezou a mirar e veu unha tumba que estaba aberta. Acercouse, e aínda que lle tremían as pernas, meteuse dentro de tumba e veu que había moitos esqueletos xogando. Un dos esqueletos preguntoulle se quería xogar e Aitor, aínda que tiña moito medo, díxolle que si.



Estiveron xogando un bo rato coa pelota, pero empezou a facerse de noite e os esqueletos explicáronlle a Aitor que ían saír da tumba e xogar ás agachadas coa xente do cemiterio. Aitor díxolles que tiñan que ter coidado

porque os ían ver, e os esqueletos dixéronlle que só os podía ver quen eles quixeran.

Correron e xogaron por todo o cemiterio ata que Aitor escoitou como a súa nai chamaba por el. Nese momento Aitor acordouse do que lle dixera a súa nai de que non se fora do campo onde o deixou. Os esqueletos tranquilizárono e dixéronlle que o ían levar por uns atallos, que non se preocupara. E empezaron a meterse por unhas tumbas e saían por outras ata chagar ao lugar onde o deixou a súa nai.

Cando chegou ao lugar onde tiña que ter estado toda a tarde xogando, estaba a súa nai preocupada porque non o atopaba. Preguntoulle onde andaba e díxolle que se lle escapara a pelota e que fora buscala. Estivo a punto de contarlle a súa nai que estivera toda a tarde xogando cuns esqueletos, pero non o ía crer, así que decidiu non contarlle nada e así poder voltar moitos máis días.

Cando chegou á casa e o seu pai lle preguntou que tal o pasara, Aitor contestoulle que fora un dos mellores días da súa vida.

**FIN**

Ariadna García 5º EP

